% Cualificación: 40%

Mínimo: 1,5 puntos (sobre 4).

Resultados de formación e aprendizaxe: A5, B2, C8

Resultados previstos na materia: RA2, RA4, RA5

---

## **PROBA 2: MERE, SQL E MANIPULACIÓN DE DATOS**

Descrición: Proba individual que consistirá na resolución de problemas facendo uso do MERE, transformación ao Modelo Relacional, realización de consultas mediante a utilización da linguaxe SQL e manipulación de datos sobre unha base de datos.

Metodoloxías aplicadas: Resolución de problemas.

% Cualificación: 60%

Mínimo: 2,5 puntos (sobre 6).

Resultados de formación e aprendizaxe: A2, B2, B4, C8, D2, D3

Resultados previstos na materia: RA1, RA3, RA6

-----

## PROCESO DE CUALIFICACIÓN DE ACTAS

Independentemente do sistema de avaliación e a convocatoria, en caso de non superar algunha parte da avaliación, pero a puntuación global fose superior a 4 (sobre 10), a cualificación en actas será 4.

## DATAS DE AVALIACIÓN

As datas das probas correspondentes ao sistema de avaliación continua publicarase no calendario de actividades, dispoñible na páxina web da ESEI <https://esei.uvigo.es/docencia/horarios/>

As datas oficiais de exame das diferentes convocatorias, aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI, atópanse publicadas na páxina web da ESEI <https://esei.uvigo.es/docencia/horarios/>

## EMPREGO DE DISPOSITIVOS MÓBILES

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles en exercicios e prácticas, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudiante Universitario, relativo aos deberes do estudiantado universitario, que establece o deber de "Absterse da utilización ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade."

## CONSULTA/SOLICITUDE DE TITORÍAS

As titorías poden consultarse a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través de <https://esei.uvigo.es/docencia/profesorado/>

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

Elmasri, R.; Navathe, S.B., **Fundamentos de sistemas de Bases de Datos**, 9788478290857, 5, Addison-Wesley, 2007  
A. Silberschatz, H.F. Korth, S. Sudarshan, **Fundamentos de Sistemas Bases de Datos**, 9788448190330, 6, McGraw-Hill, 2014

Rivero C. Enrique, et. al., **Introducción al SQL para Usuarios y Programadores**, 9788497320825, 2, Paraninfo, 2002

Ramakrishnan, R.; Gehrke, J., **Database Management Systems**, 9780071151108, 3, McGraw-Hill, 2002

#### Bibliografía Complementaria

Date C. J, **Introducción a los Sistemas de Bases de Datos**, 9789684444195, 7, Prentice Hall, 2001

A. de Miguel, M Piattini, **Fundamentos y modelos de Bases de Datos**, 9788478973613, 2, Ra-Ma, 1999

---

### Recomendacións

---

#### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Informática: Introducción ás computadoras/O06G460V01104



<b>DATOS IDENTIFICATIVOS</b>				
<b>Optimización matemática</b>				
Materia	Optimización matemática			
Código	O06G460V01204			
Titulación	Grao en Intelixencia Artificial			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Estatística e investigación operativa			
Coordinador/a	Mosquera Rodríguez, Manuel Alfredo			
Profesorado	Mosquera Rodríguez, Manuel Alfredo			
Correo-e	mamrguez@uvigo.gal			
Web	http://moovi.uvigo.gal			
Descrición xeral	O obxectivo principal desta materia é dotar ao alumnado de coñecementos e destrezas básicas na modelización de problemas de optimización matemática, así como das técnicas de resolución asociadas. Estudaranse tanto problemas de optimización lineal como non lineal, con e sen variables enteiras. Desde o punto de vista práctico cabe destacar que se incidirá na implementación práctica no computador de modelos reais e a súa resolución mediante as ferramentas de optimización máis actuais. En particular, incidirase en problemas e modelos que poidan ser de especial relevancia en distintas áreas da intelixencia artificial.			

<b>Resultados de Formación e Aprendizaxe</b>	
Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, autonomía e creatividade.
B4	Capacidade para seleccionar e xustificar os métodos e técnicas adecuadas para resolver un problema concreto, ou para desenvolver e propor novos métodos baseados en intelixencia artificial.
C1	Capacidade para utilizar conceptos e métodos matemáticos e estatísticos para modelar e resolver problemas de intelixencia artificial
C5	Comprender e aplicar os principios e técnicas básicas da programación paralela e distribuída para o desenvolvemento e execución eficiente das técnicas de intelixencia artificial.
C15	Coñecer e saber aplicar e explicar correctamente as técnicas de validación das solucións de intelixencia artificial.
D3	Capacidade para crear novos modelos e solucións de forma autónoma e creativa, adaptándose a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor.

<b>Resultados previstos na materia</b>	
Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
RA1. Saber identificar e modelizar problemas de optimización matemática.	A2 B2 C1 D3 A5 B4 C5
RA2. Saber resolver problemas de optimización matemática mediante as técnicas e algoritmos adecuados.	A2 B2 C1 A5 B4 C5 C15
RA3. Coñecer e identificar a estrutura e propiedades dos problemas de optimización matemática.	A2 B2 C1 D3 A5 B4 C5
RA4. Familiarizarse con interrelacións entre optimización matemática e aprendizaxe automática.	A2 B4 C1 A5 C5 C15

<b>Contidos</b>
Tema
Introdución á optimización matemática.
Modelización e resolución práctica de problemas de optimización.
Programación lineal.
Programación enteira.
Problemas de optimización en redes.

Fundamentos de optimización non lineal con restricións.

Optimización para a aprendizaxe automática.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	22	46	68
Resolución de problemas	9	19	28
Prácticas de laboratorio	14	34	48
Resolución de problemas e/ou exercicios	6	0	6

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directrices dun traballo, exercicio que o/a estudante ten que desenvolver
Resolución de problemas	Resolución de problemas, lecturas, resumos, esquemas e cuestións de cada un dos temas do programa da materia. Resolución dos exercicios na lousa por parte dos alumnos/profesor
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedimentais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en aulas de informática e con software específico de optimización matemática. Non son obrigatorias pero é altamente recomendable a asistencia para un mellor entendemento da materia.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Lección maxistral	A atención ao estudantado realizarase de maneira presencial e baixo a modalidade de concertación previa.
Probas	Descrición
Resolución de problemas e/ou exercicios	A atención ao estudantado realizarase de maneira presencial e baixo a modalidade de concertación previa.

### Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Resolución de problemas e/ou exercicios	Probas/cuestionarios nos que o alumno debe solucionar unha serie de problemas e/ou exercicios nun tempo/condicións establecido/as polo profesor.	100	A2 A5	B2 B4	C1 C5 C15	D3
	Resultados de aprendizaxe avaliados: RA1, RA2, RA3, RA4					

### Outros comentarios sobre a Avaliación

Nos sistemas de avaliación que aparecen reflectidos na memoria do grao utilízase a metodoloxía de avaliación de "Resolución de problemas e/ou exercicios" e realizaranse presencialmente nas condicións que estableza o profesor, respectando que o 25% correspóndese coa realización de exercicios e o 75% coa superación de probas parciais e finais.

### SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA

#### PROBAS TEÓRICAS

**Descrición:** Constará de **varias probas** a realizar ao longo do período formativo vinculado á materia e que incluírán a avaliación de conceptos teóricos, de identificación dos modelos de optimización adecuados e das interrelacións entre optimización matemática e aprendizaxe automática.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Resolución de problemas e/ou exercicios

**% Cualificación:** 20% (ningunha proba superará o 10%).

**Resultados de Formación e Aprendizaxe avaliados :** Todas.

**Resultados previstos na materia:** RA1, RA3, RA4.



## PROBAS PRÁCTICAS

**Descrición:** Constará de **varias probas** a realizar ao longo do período formativo vinculado á materia e que incluírá a resolución de problemas e/ou exercicios.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Resolución de problemas e/ou exercicios

**% Cualificación:** 80% (ningunha proba superará o 40%).

**Resultados de Formación e Aprendizaxe avaliados :** Todas.

**Resultados previstos na materia:** Todos

.

-----

## PROBA FINAL

**Descrición:** Incluírá a avaliación de conceptos teóricos, prácticos e resolución de problemas e/ou exercicios co obxectivo de comprobar que o alumnado afianzou os contidos da asignatura. O estudante que obtivera unha **nota igual ou superior a 5 puntos (sobre 10)** na media ponderada do conxunto de todas as probas realizadas ao longo do período formativo vinculado a asignatura está **exento** de realizar esta proba.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Resolución de problemas e/ou exercicios

**% Cualificación:** 100%.

**Resultados de Formación e Aprendizaxe avaliados :** Todas.

**Resultados previstos na materia:** Todos

-----

- o Se un estudante non se presenta a algunha das probas, salvo na proba final, asignaráselle unha cualificación de 0 nela.

## SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL

### Procedemento para a elección da modalidade de avaliación global:

O estudantado deberá de comunicar ao coordinador da materia a renuncia ao sistema de avaliación continua antes do último día do período formativo vinculado á materia.

### PROBA DE AVALIACIÓN GLOBAL

**Descrición:** Proba que incluírá a avaliación de conceptos teóricos, prácticos e resolución de problemas e/ou exercicios.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Resolución de problemas e/ou exercicios

**% Cualificación:** 100%.

**Resultados de Formación e Aprendizaxe avaliados :** Todas.

**Resultados previstos na materia:** Todos

.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E FIN DE CARREIRA

Empregarase o sistema de avaliación global.

### PROCESO DE CUALIFICACIÓN DE ACTAS

Para a cualificación en actas terase en conta a seguinte casuística:

1. Os estudantes que opten polo sistema de **avaliación global** recibirán a cualificación obtida na proba de avaliación global.
2. Os estudantes que opten polo sistema de **avaliación continua:**
  1. Se se presentan á proba final recibirán a cualificación obtida en devandita proba final.

2. Se non se presentan á proba final:

1. Se obtiveron unha nota media ponderada inferior a 5 puntos (sobre 10) nas probas teóricas e prácticas, recibirá a cualificación de "Non presentado".
2. Noutro caso, recibirá a nota media ponderada das probas teóricas e prácticas como cualificación final.

### **DATAS DE AVALIACIÓN**

As datas das probas correspondentes ao sistema de avaliación continua publicaranse no calendario de actividades, dispoñible na páxina web da ESEI <https://esei.uvigo.es/docencia/horarios/>.

As datas oficiais de exame das diferentes convocatorias, aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI, atópanse publicadas na páxina web da ESEI <https://esei.uvigo.es/docencia/horarios/>.

### **PROCEDEMENTOS FRAUDULENTOS**

Aquel estudante que utilice ou coopere en procedementos fraudulentos (copiar, presentarse por outro alumno, plaxio, ...) nalgunha das actividades de avaliación (artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario ) terá unha cualificación final de suspenso neste curso académico. Este feito seralle comunicado á autoridade competente para que tome as correspondentes accións disciplinarias que considere oportunas.

### **CONSULTA/SOLICITUDE DE TITORÍAS**

As titorías poden consultarse a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través da <https://esei.uvigo.es/docencia/profesorado/>.

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

AHUJA, R.K., MAGNANTI, T.L., ORLIN, J.B., **Network Flows. Theory, Algorithms and Applications**, 9781292042701, Pearson, 2013

BAZARAA, M., JARVIS, J., SHERALI, H., **Linear programming and networks flows**, 9780470462720, John Wiley & Sons, 2010

HILLIER, F., LIEBERMAN, G., **Introduction to operations research**, 9780073376295, McGraw-Hill, 2010

LUENBERGER, D.G., YE, Y., **Linear and Nonlinear Programming**, 9780387745022, 5, Springer, 2021

#### **Bibliografía Complementaria**

BAZARAA, M., SHERALI, H., SHETTY, C.M., **Nonlinear programming: theory and algorithms**, 9781118857564, John Wiley & Sons, 2014

GALLIER, J., QUINTANCE, J., **Linear Algebra And Optimization With Applications To Machine Learning. Volume II: Fundamentals of Optimization Theory with Applications to Machine Learning**, 9789811216565, World Scientific, 2020

SALAZAR GONZÁLEZ, J. S., **Programación Matemática**, 9788479785048, Díaz de Santos, 2001

SUH, C., **Convex Optimization for Machine Learning**, 9781638280538.

<https://www.nowpublishers.com/article/DownloadEBook/9781638280521?format=pdf>, Now Publishers, 2022

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Matemáticas: Álgebra/O06G460V01101

Matemáticas: Cálculo e análise numérico/O06G460V01102

Matemáticas: Estatística/O06G460V01107

Matemáticas: Matemática discreta/O06G460V01105

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Redes**

Materia	Redes			
Código	O06G460V01205			
Titulación	Grao en Intelixencia Artificial			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Méndez Reboredo, José Ramón			
Profesorado	Gómez Meire, Silvana Méndez Reboredo, José Ramón			
Correo-e	moncho.mendez@uvigo.gal			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>			
Descrición xeral	Introdución ás redes de computadores e Internet. Protocolos de rede. Redes locais. Servizos en Rede. Virtualización. Modelos de nube. Desenvolvemento e despregue de aplicacións e servizos na nube.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A5	Que os estudantes desenvolvesen aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B2	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, autonomía e creatividade.
C4	Coñecer a estrutura, organización, funcionamento e interconexión dos sistemas informáticos (computador, sistemas operativos e redes de computadores).
C5	Comprender e aplicar os principios e técnicas básicas da programación paralela e distribuída para o desenvolvemento e execución eficiente das técnicas de intelixencia artificial.
C6	Capacidade para realizar a análise, deseño, implementación de aplicacións que requiran traballar con grandes volumes de datos e na nube de forma eficiente.
D3	Capacidade para crear novos modelos e solucións de forma autónoma e creativa, adaptándose a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
R1- Entender o funcionamento básico das redes de computadores actuais e a importancia duns protocolos estandarizados.	A2 A5	B2	C4	D3
R2 - Aprender os protocolos nos que se basea Internet e as redes locais actuais.	A2 A5	B2	C4	D3
R3 - Aprender a configurar e administrar unha rede local.			C4	
R4 - Entender as bases da computación na nube, e os modelos de nube.	A2 A5	B2	C6	D3
R5 - Coñecer os diferentes mecanismos de virtualización de servidores e ser capaz de despregar sistemas virtualizados.	A2 A5		C4	
R6 - Coñecer e comprender os diferentes modelos de servizo e modelos de despregamento asociados á computación na nube, así como os servizos proporcionados por provedores de nube orientados á intelixencia artificial.		B2	C5 C6	D3
R7 - Ser capaz de poñer en marcha servizos na nube.			C5 C6	
R8 - Saber concibir e deseñar novas aplicacións baseadas na internet ou as tecnoloxías que a sustentan.	A2	B2	C4 C5 C6	D3

**Contidos**

Tema	
P1. Introdución ás redes de computadores e Internet. Protocolos de rede. Redes locais. Servizos en rede.	Introdución ás redes de computadores e Internet Protocolos de rede. Redes locais. Servizos en rede.

**Planificación**

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	18	28.5	46.5
Prácticas de laboratorio	26	52	78
Seminario	1.5	0	1.5
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12
Exame de preguntas obxectivas	2	10	12

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

**Metodoloxía docente**

	Descrición
Lección maxistral	Sesións na aula a grupos numerosos, donde se explican os contidos correspondentes a cada tema.
Prácticas de laboratorio	Sesións de laboratorio de dúas horas, onde se porán en práctica aqueles conceptos introducidos na teoría. Cada práctica incorporará unha serie de cuestións ou casos prácticos que deben ser entregadas antes da realización da seguinte práctica. As prácticas de laboratorio serán de obrigatoria asistencia para alumnos que se acollan ao sistema de avaliación continua.
Seminario	Talleres que complementen la docencia. Neste caso particular, os estudantes recibirán un taller do uso de Terraform para automatizar o aprovisionamiento de infraestrutura na nube.

**Atención personalizada**

Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O docente guiará a execución das prácticas resolvendo todas aquelas dúbidas que vaian xurdindo.

**Avaliación**

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Prácticas de laboratorio	O alumno deberá someterse á avaliación dos coñecementos resolvendo exercicios que plantexará o docente na clase.  Resultados: R3, R4, R5, R7 e R8.	40	A2 B2 C5 D3 A5 C6
Exame de preguntas obxectivas	O alumno terá un exame para avaliar os coñecementos teóricos obtidos. O exame realizarase a metade do cuatrimestre.  Resultados: R1, R2, R5 e R6.	30	C4
Exame de preguntas obxectivas	O alumno terá un exame para avaliar os coñecementos teóricos obtidos. O exame terá lugar na data prevista no calendario de exames finais do centro.  Resultados: R1, R2, R5 e R6.	30	C4

**Outros comentarios sobre a Avaliación****SISTEMA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

O sistema de avaliación continua consta de dúas partes: (i) o exame de preguntas obxectivas e (ii) as prácticas de laboratorio.

**(i). Exames de preguntas obxectivas**

Trátase de dous exames. Un deles farase a metade do cuatrimestre e o outro na data prevista no calendario de exames finais do centro. Constarán de preguntas curtas ou tipo test e servirán para avaliar os coñecementos teóricos adquiridos pola/o alumna/o.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Exame de preguntas obxectivas % **Calificación: 60% (30% + 30%).**

**% Mínimo: Para a liberación desta parte da asignatura, a/o estudante deberá obter en media unha calificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.**

**Resultados de formación e aprendizaxe avaliados: C4.**  
**Resultados previstos na materia avaliados: R1, R2, R5 e R6.**

### **(ii). Prácticas de laboratorio**

Consiste na entrega de todas as prácticas de laboratorio (que serrán, cando menos, 4) plantexadas ao longo do curso.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Prácticas de laboratorio.

**% Calificación:** 40% en total.

**% Mínimo:** Para superar esta parte da asignatura o estudante deberá obter unha calificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

**Resultados de formación e aprendizaxe avaliados:** A2, A5, B2, C5, C6 e D3.

**Resultados previstos na materia avaliados:** R3, R4, R5, R7 e R8.

Un estudante que entregue calquera das prácticas de laboratorio enténdese que se acolle ao procedemento de avaliación continua descrito anteriormente. Se un estudante non se presenta a algunha das probas, asignaráselle unha calificación de 0 nela.

### **SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL**

Cando un estudante non presente ningunha das prácticas de laboratorio, enténdese que opta pola modalidade de avaliación global. Do mesmo xeito ca no caso anterior, o sistema de avaliación global consta de dúas partes: (i) o exame de preguntas obxectivas e (ii) as prácticas de laboratorio.

(i). **Exame de preguntas obxectivas** Trátase dun exame que se fará na data prevista no calendario de exames finais do centro. Constará de preguntas curtas ou tipo test e servirá para avaliar os coñecementos teóricos adquiridos polo alumno.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Exame de preguntas obxectivas.

**% Calificación:** 60%.

**% Mínimo:** Para superar esta parte da asignatura, o estudante deberá obter unha calificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

**Resultados de formación e aprendizaxe avaliados:** C4.

**Resultados previstos na materia avaliados:** R1, R2, R5 e R6.

(ii). **Prácticas de laboratorio** Suponse que a/o estudante non asiste regularmente ás sesións prácticas e/ou non fai as entregas correspondentes así que deberá facer someterse a unha proba que consiste na realización dunha práctica de laboratorio que proporán os docentes na que terá que aplicar os coñecementos prácticos que se impartiron na materia. Celebrarase á continuación (e no mesmo día) do exame de preguntas obxectivas.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Prácticas de laboratorio. **% Calificación:** 40% en total **% Mínimo:** Para superar esta parte da asignatura a/o estudante deberá obter unha calificación igual ou superior a 5 puntos sobre 10.

**Resultados de formación e aprendizaxe avaliados:** A2, A5, B2, C5, C6 e D3.

**Resultados previstos na materia avaliados:** R3, R4, R5, R7 e R8.

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA AS CONVOCATORIAS EXTRAORDINARIA E FIN DE CARREIRA**

Empregaranse os sistemas de avaliación continua e global expostos anteriormente. Para estas convocatorias conservaranse as notas das partes superadas na convocatoria ordinaria.

### **PROCESO DE CALIFICACIÓN DAS ACTAS**

Independentemente do sistema de avaliación e convocatoria, no caso de non superar algunha parte da avaliación, a puntuación global será a da parte non superada.

### **DATAS DE AVALIACIÓN**

As datas oficiais do exame das distintas convocatorias, aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI, atópanse publicadas na páxina web da ESEI (<https://esei.uvigo.es>).

## EMPREGO DE DISPOSITIVOS MÓBILES

Recórdase a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles durante as probas de avaliación. En particular, o artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario, relativo aos deberes do estudantado universitario, establece o deber de "Absterse do emprego ou cooperación en procedementos fraudulentos nas probas de avaliación, nos traballos que se realicen ou en documentos oficiais da universidade".

## CONSULTA/SOLICITUDE DE TITORIAS

As titorías poden consultarse a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través do enderezo <https://esei.uvigo.es/docencia/profesorado/>.

---

### Bibliografía. Fontes de información

#### Bibliografía Básica

- Kurose, James F. y Ross, Keith W., **Redes de Computadores. Un enfoque descendente.**, 978-849035-528-2, 7, Pearson Education, 2017
- Peterson, Larry L. y Davie, Bruce S., **Computer networks: a systems approach.**, 978-0-12-385059-1, 5, Morgan Kaufmann, 2012
- W. Richard Stevens, **TCP/IP Illustrated, Vol. 1: The Protocols.**, 978-0201633467, 2, Addison Wesley, 2012
- Matthew Portnoy, **Virtualization Essentials**, 978-1119267720, 2, Sybex, 2016
- Edouard Bugnion, Dan Tsafir, Jason Nieh, **Hardware and software support for virtualization**, 978-3-031-00625-8, 1, Springer, 2022
- Clark, T., **Storage Virtualization: Technologies For Simplifying Data Storage And Management**, 978-0321262516., 1, Addison-Wesley Professional, 2005
- Rafael Troncoso, Elías Grande, Francisco Ramírez, **Docker: SecDevOps.**, 978-84-09-37159-4, 1, OXWORD, 2022
- Thomas Erl, Zaigham Mahmood, Richardo Puttini, **Cloud computing : concepts, technology and architecture**, 978-0133387520, 1, Prentice-Hall, 2013
- Ian Foster, Dennis B. Gannon, **Cloud computing for science and engineering**, 9780262037242, 1, MIT Press, 2017
- Mateu, C., **Desarrollo de Aplicaciones Web. Fundació per a la Universitat Oberta de Catalunya**, 84-9788-118-4, 1, Fundació per a la Universitat Oberta de Catalunya, 2024
- McKendrick, R., **Infrastructure as Code for Beginners: Deploy and manage your cloud-based services with Terraform and Ansible**, 978-1837631636, 1, Packt Publishing, 2023

#### Bibliografía Complementaria

- Comer, D. E, Stevens, D. L. y Evangelista, M, **Internetworking with TCP/IP, Vol. III: Client-Server Programming and Applications, Linux/Posix Sockets Version.**, 0130320714, 1, Prentice Hall, 2001
- Comer, D. E. y Stevens, D. L., **Internetworking with TCP/IP Vol. III Client-Server Programming and Applications-Windows Sockets Version.**, 978-0138487140, 1, Prentice-Hall, 2001
- Donahoo, M. y Calvert, K., **TCP/IP Sockets in C: Practical Guide for Programmers (The Practical Guides Series)**, 978-0123745408, 2, Morgan Kaufmann, 2009
- Magaña, E., Izme Mendi, E., Prieto Mínguez, M. y Villadangos Alonso, J., **Comunicación y Redes de Computadores. Problemas y Ejercicios Resueltos**, 8420539201, 1, Pearson Prentice Hall, 2003
- Barcia Vázquez, N. y otros, **Redes de computadores y arquitecturas de comunicaciones: supuestos prácticos**, 8420546070, 1, Pearson, 2005
- Stallings, W., **Comunicaciones y redes de computadores.**, 978-8420541105, 7, Pearson Prentice-Hall, 2013
- Forouzan, B. A., **Transmisión de datos y redes de comunicaciones.**, 978-84-481-5617-6, 4, McGraw Hill, 2007
- Ian Miell, Aidan Hobson Sayers, **Docker in Practice**, 978-1617294808, 2, Manning Pubs, 2019
- Raya Cabrera, J. L. y Santos González, M., **Guía de Campo de Máquinas Virtuales.**, 978-84-7897-949-3, 1, Ra-Ma, 2009
- Joyanes Aguilar, L., **Computación en la nube: estrategias de Cloud Computing en las empresas.**, 978-8426718938, 1, Marcombo, 2012
- Yevgeniy Brikman, **Terraform - Up and Running: Writing Infrastructure as Code**, 978-1-098-11674-3, 3, O'Reilly Media, 2022
- Jeff Geerling, **Ansible for DevOps: Server and configuration management for humans**, 978-0986393426, 1, Leanpub, 2022
- William Shotts, **The Linux Command Line, 2nd Edition: A Complete Introduction**, 978-1593279523, 2, No Starch Press, 2019

---

### Recomendacións

#### Materias que continúan o temario

Computación concorrente, paralela e distribuída/O06G460V01208

**Materias que se recomienda ter cursado previamente**

---

Informática: Introducción ás computadoras/O06G460V01104

Informática: Programación I/O06G460V01103

---

**Outros comentarios**

---

Recoméndase que os estudantes teñan habilidades no manexo do ordenador con soltura, en especial para a escritura de forma rápida no computador.

Recoméndase dispor de certa experiencia no uso de sistemas operativos e, en especial, de GNU/Linux.

Recoméndase ter habilidades na procura de recursos en Internet (uso de buscadores, etc.).

---

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Algoritmos básicos da intelixencia artificial**

Materia	Algoritmos básicos da intelixencia artificial			
Código	O06G460V01206			
Titulación	Grao en Intelixencia Artificial			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	Fernández González, Daniel			
Profesorado	Fernández González, Daniel			
Correo-e	danifg@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>			
Descrición xeral	Os axentes que aplican métodos de resolución de problemas utilizan habitualmente representacións de estados sobre as que se construen procedementos aproximados de búsqueda de solucións que non sempre son óptimas, pero que teñen una calidade suficiente para os recursos de tempo e computación dispoñibles. O alumnado coñecerá e sabrá aplicar os algoritmos e heurísticas de propósito xeral máis habituais para a resolución de problemas de búsqueda con representacións de estados, tanto mediante estratexias non informadas, como basadas nalgún coñecemento aproximado do problema (búsqueda informada). Exporanse tamén contextos máis complexos que condicionan ditas estratexias, como a existencia de adversarios ou de restriccións no proceso de búsqueda. A asignatura abordará tamén algoritmos de planificación no ámbito da Intelixencia Artificial.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado como non especializado.
B3	Capacidade para deseñar e crear modelos e solucións de calidade baseadas en Intelixencia Artificial que sexan eficientes, robustas, transparentes e responsables
B4	Capacidade para seleccionar e xustificar os métodos e técnicas adecuadas para resolver un problema concreto, ou para desenvolver e propor novos métodos baseados en intelixencia artificial.
B5	Capacidade para concibir novos sistemas computacionais e/ou avaliar o rendemento de sistemas existentes, que integren modelos e técnicas de intelixencia artificial.
C12	Coñecer os fundamentos dos algoritmos e modelos de intelixencia artificial para resolver problemas de certa complexidade, comprender a súa complexidade computacional e ter a capacidade de deseñar novos modelos.
D1	Capacidade para comunicar e transmitir os seus coñecementos, habilidades e destrezas
D3	Capacidade para crear novos modelos e solucións de forma autónoma e creativa, adaptándose a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor.
D5	Capacidade para desenvolver modelos, técnicas e solucións baseadas en intelixencia artificial que resulten éticas, non discriminatorias e confiables.

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
RA1: Aplicar e implementar métodos de búsqueda con estratexias informada e non informada en problemas representados en espazos de estados.	A2	B3	C12	D1
	A4	B4		D3
		B5		D5
RA2: Saber resolver problemas de búsqueda con adversario.	A2	B3	C12	D1
	A4	B4		D3
		B5		D5
RA3: Saber cómo resolver problemas de búsqueda e optimización con restriccións.	A2	B3	C12	D1
	A4	B4		D3
		B5		D5
RA4: Coñecer diferentes algoritmos de resolución de problemas basados na búsqueda nun espazo de posibles configuracións.	A2	B3	C12	D1
	A4	B4		D3
		B5		D5



RA5: Coñecer e saber modelar e resolver problemas básicos de planificación ou scheduling.

A2 B3 C12 D1  
A4 B4 D3  
B5 D5

<b>Contidos</b>	
Tema	
Introducción á IA.	Definicións, enfoques e evolución da IA.
Búsqueda en espazo de estados.	Definicións e conceptos fundamentais. Tipos básicos de búsqueda.
Búsqueda non informada.	Búsqueda en anchura e as súas variantes. Búsqueda en profundidade e as súas variantes. Búsqueda bidireccional.
Búsqueda informada.	Métodos de ascenso a colinas. Búsqueda voraz. Búsqueda A* e as súas variantes. Construcción e comparación de heurísticas.
Búsqueda con adversario.	Búsqueda en xogos. Algoritmo minimax. Poda alfa-beta. Xogos con elementos de azar. Algoritmo de Monte Carlo. Exemplos prácticos.
Problemas de satisfacción de restriccións.	Definición. Búsqueda con volta atrás. Búsqueda local. Heurísticas de propósito xeral.
Planificación automática.	Introducción. STRIPS. ADL. PDDL. Exemplos. Búsqueda en planificación. Planificación parcialmente ordenada.

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Prácticas de laboratorio	30	42	72
Actividades introdutorias	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Práctica de laboratorio	0	15	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia. Dado o carácter práctico dos contidos propostos, a exposición complementarase con exemplos.
Prácticas de laboratorio	En base á materia teórica proposta en clase, o profesor propondrá a implementación de casos prácticos por parte dos alumnos. Ditas prácticas realizaranse en grupos pequenos, tanto dentro como fóra das horas de aula, e serán avaliadas como parte da nota final, tendo os alumnos que entregar o código implementado. AVALIACION CONTINUA Carácter: obrigatorio Asistencia: obrigatoria para as sesións nas que se realicen actividades de avaliación. AVALIACION GLOBAL Carácter: obrigatorio Asistencia: obrigatoria para as sesións nas que se realicen actividades de avaliación.
Actividades introdutorias	Titorización individualizada do alumnado.

<b>Atención personalizada</b>	
Metodoloxías	Descrición
Prácticas de laboratorio	O profesor exporá as prácticas que deben realizarse, e, durante as horas en aula dedicadas ás prácticas de laboratorio, resolverá as dúbidas expostas polos alumnos, supervisando o traballo que estean a realizar nese momento.
Actividades introdutorias	Titorización individualizada do alumnado.

<b>Avaliación</b>							
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe				
Exame de preguntas obxectivas	Proba escrita onde se avaliarán os contidos e competencias revisados nas sesións maxistras e os aspectos teóricos da súa posta en práctica levada a cabo nas sesións prácticas. O tipo de proba consistirá nun conxunto de preguntas tipo test.	60	A2 A4	B3 B4 B5	C12	D1 D3 D5	
Resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA5							

Práctica de laboratorio	Os alumnos deberán realizar unha defensa das prácticas realizadas, consistente nunha proba de funcionamento e na contestación das preguntas realizadas polo profesor, co obxectivo de comprobar o aprendido polos alumnos durante a realización do traballo. A nota final dependerá da calidade do traballo realizado e da defensa realizada polos alumnos.	40	A2 A4	B3 B4 B5	C12	D1 D3 D5
-------------------------	---	----	----------	----------------	-----	----------------

Resultados de aprendizaxe: RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

## **Outros comentarios sobre a Avaliación**

### **SISTEMA DE AVALUACIÓN CONTINUA**

**PROBA 1:** Avaliación teórica.

**Descrición:**

Proba obxectiva de preguntas tipo test na que se examinará aos alumnos sobre os coñecementos adquiridos nas clases de teoría.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Exame de preguntas obxectivas.

**% Calificación:** 30%

**Competencias avaliadas:** A2, A4, B3, B4, B5, C12, D1, D3, D5

**Resultados de aprendizaxe avaliados:** RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

**PROBA 2:** Prácticas de laboratorio

**Descrición:** Entrega e defensa ante o profesor de todas as prácticas de laboratorio, expostas ao longo do curso, nas datas estipuladas.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Prácticas de laboratorio

**% Calificación:** 40%

**Competencias avaliadas:** A2, A4, B3, B4, B5, C12, D1, D3, D5

**Resultados de aprendizaxe avaliados:** RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

**PROBA 3:** Avaliación teórica.

**Descrición:** Proba obxectiva final de preguntas tipo test na que se examinará aos alumnos sobre os coñecementos adquiridos nas clases de teoría.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Exame de preguntas obxectivas.

**% Calificación:** 30%

**Competencias avaliadas:** A2, A4, B3, B4, B5, C12, D1, D3, D5

**Resultados de aprendizaxe avaliados:** RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

Para aprobar a materia será necesario obter polo menos o 50% da nota máxima na suma das dúas avaliacións teóricas (3 sobre 6), que as prácticas sexan presentadas e defendidas no tempo e prazo especificado polo profesor, e que a suma das notas de teoría e prácticas alcance, polo menos, o 50% da nota máxima da materia.

### **SISTEMA DE AVALIACIÓN GLOBAL**

**Procedemento para a elección da modalidade de avaliación global:** Considérase que o estudante opta polo sistema de avaliación global se así o notifica nun escrito asinado (pódese entregar en formato electrónico con firma dixital) a o profesor coordinador da materia no primeiro mes despois do comezo das clases.

**PROBA 1:** Avaliación teórica.

**Descrición:** Proba obxectiva de preguntas tipo test na que se examinará aos alumnos sobre os coñecementos adquiridos nas clases de teoría.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Exame de preguntas obxectivas.

**% Calificación:** 60%

**Competencias avaliadas:** A2, A4, B3, B4, B5, C12, D1, D3, D5

**Resultados de aprendizaxe avaliados:** RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

---

**PROBA 2:** Prácticas de laboratorio

**Descrición:** Entrega e defensa ante o profesor de todas as prácticas de laboratorio, expostas ao longo do curso, nas datas estipuladas.

**Metodoloxía(s) aplicada(s):** Prácticas de laboratorio

**% Calificación:** 40%

**Competencias avaliadas:** A2, A4, B3, B4, B5, C12, D1, D3, D5

**Resultados de aprendizaxe avaliados:** RA1, RA2, RA3, RA4, RA5

---

Para aprobar a materia será necesario obter polo menos o 50% da nota máxima na avaliacións teórica (3 sobre 6), que as prácticas sexan presentadas e defendidas no tempo e prazo especificado polo profesor, e que a suma das notas de teoría e prácticas alcance, polo menos, o 50% da nota máxima da materia.

---

### **CRITERIOS DE AVALIACIÓN PARA CONVOCATORIA EXTRAORDINARIA E FIN DE CARREIRA**

Aplicarase o mesmo sistema que na avaliación global exposta anteriormente, a todos os alumnos.

---

### **PROCESO DE CALIFICACIÓN DE ACTAS**

A nota da materia será a suma das notas da(s) proba(s) teórica(s) e práctica, excepto en dous casos:

- a) Se algunha das prácticas non é entregada e defendida no prazo establecido polo profesor.
- b) Se a nota da proba teórica é menor que o 50% da nota máxima de devandita proba (3 puntos sobre 6).

Nestes dous casos, se a suma das notas da(s) proba(s) teórica(s) e as prácticas fora superior a 4 (sobre 10), a calificación final será un 4.

---

### **DATAS DE AVALIACIÓN**

As datas das probas correspondentes ao sistema de avaliación continua se publicarán no calendario de actividades, dispoñible na páxina web da ESEI

<https://esei.uvigo.es/docencia/horarios/>

As datas oficiais de exame das diferentes convocatorias, aprobadas oficialmente pola Xunta de Centro da ESEI, atópanse publicadas na páxina web da ESEI

<https://esei.uvigo.es/docencia/exames/>

---

### **CONSULTA/SOLICITUDE DE TUTORÍAS**

As tutorías pódense consultar a través da páxina persoal do profesorado, accesible a través de <https://esei.uvigo.es/docencia/profesorado/>

---

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

E. Rich, K. Knight, **Artificial Intelligence**, 9780071008945, 1, McGraw-Hill, 1991

Nils J. Nilsson, **Inteligencia Artificial. Una nueva síntesis.**, 9788448128241, 1, McGraw-Hill, 2001

F. Escolano, M.A. Cazorla, M.I. Alfonso, O. Colomina, M.A. Lozano, **Inteligencia Artificial: Modelos, técnicas y áreas de aplicación**, 9788497321839, 1, Paraninfo, 2003

S. Russell, P. Norving, **Inteligencia Artificial: un enfoque moderno.**, 978-8420540030, 2, Prentice Hall, 2003

#### **Bibliografía Complementaria**

---

### **Recomendacións**

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Informática: Programación I/O06G460V01103

Informática: Programación II/O06G460V01109

Algoritmos/O06G460V01201

Optimización matemática/O06G460V01204

#### **Outros comentarios**

Lémbrese a todo o alumnado a prohibición do uso de dispositivos móbiles en exercicios, prácticas e exames, en cumprimento do artigo 13.2.d) do Estatuto do Estudante Universitario, relativo aos deberes do estudiantado universitario, que establece o deber de "Abstenerse de la utilización o cooperación en procedimientos fraudulentos en las pruebas de evaluación, en los trabajos que se realicen o en documentos oficiales de la universidad".

**DATOS IDENTIFICATIVOS****Fundamentos de aprendizaxe automático**

Materia	Fundamentos de aprendizaxe automático			
Código	O06G460V01207			
Titulación	Grao en Intelixencia Artificial			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Informática			
Coordinador/a	Fernández González, Daniel			
Profesorado	Fernández González, Daniel			
Correo-e	danifg@uvigo.es			
Web	<a href="http://moovi.uvigo.gal">http://moovi.uvigo.gal</a>			
Descrición xeral	Os principais obxectivos desta asignatura pasan por sentar as bases e conceptos necesarios para desenvolver modelos de aprendizaxe automática. Estudiará en profundidade a formulación e validación de modelos e a influencia das variables ou características implicadas. Analizarase polo miúdo o ciclo completo da análise de datos, dende a súa adquisición ata a validación dos modelos de predicción (clasificación, regresión e agrupamento), de modo que o alumnado deberá coñecer, aplicar correctamente e xustificar as tarefas de selección dun modelo e da súa aplicación en predicción. Para elo a asignatura abordará una serie de técnicas e paradigmas de referencia dentro da Aprendizaxe Automática.			

**Resultados de Formación e Aprendizaxe**

Código				
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.			
A5	Que os estudantes desenvolven aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.			
B2	Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, autonomía e creatividade.			
B4	Capacidade para seleccionar e xustificar os métodos e técnicas adecuadas para resolver un problema concreto, ou para desenvolver e propor novos métodos baseados en intelixencia artificial.			
B5	Capacidade para concibir novos sistemas computacionais e/ou avaliar o rendemento de sistemas existentes, que integren modelos e técnicas de intelixencia artificial.			
C1	Capacidade para utilizar conceptos e métodos matemáticos e estatísticos para modelar e resolver problemas de intelixencia artificial			
C2	Capacidade para resolver problemas de intelixencia artificial que requiren algoritmos, aplicando correctamente metodoloxías de desenvolvemento de software e deseño centrado no usuario.			
C12	Coñecer os fundamentos dos algoritmos e modelos de intelixencia artificial para resolver problemas de certa complexidade, comprender a súa complexidade computacional e ter a capacidade de deseñar novos modelos.			
C15	Coñecer e saber aplicar e explicar correctamente as técnicas de validación das solucións de intelixencia artificial.			
D3	Capacidade para crear novos modelos e solucións de forma autónoma e creativa, adaptándose a novas situacións. Iniciativa e espírito emprendedor.			

**Resultados previstos na materia**

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
RA1: Coñecer, comprender e saber utilizar os fundamentos dos procesos de aprendizaxe automática.	A5	B4 B5	C1 C2 C12 C15	
RA2: Coñecer os fundamentos dos modelos de regresión, clasificación e agrupamento.	A5	B4 B5	C1 C2 C12 C15	
RA3: Saber construír modelos estadísticos avanzados para a análise de datos.	A3 A5	B2 B4 B5	C1 C2 C12 C15	D3
RA4: Saber fundamentar a modelización e resolución de problemas mediante técnicas de aprendizaxe automática.	A3 A5	B2 B4 B5	C1 C2 C12 C15	D3

RA5: Saber construir modelos de aprendizaxe automática para regresión, clasificación e agrupamento.

A3 B2 C1 D3  
A5 B4 C2  
B5 C12  
C15

## Contidos

Tema	
Introducción ao aprendizaxe automático.	Definicións e conceptos básicos. Aplicacións do aprendizaxe automático. Tipos de aprendizaxe automático.
Preprocesado de datos	Técnicas de limpeza e transformación de datos. Técnicas de redución de datos.
Avaliación de modelos	Métricas de avaliación. Variabilidade na avaliación. Partición dos datos. Comparación de modelos.
Complexidade	Introducción. Sesgo e varianza. Complexidade, sobreaxuste e subaxuste. Regularización. Complexidade e número de exemplos. Complexidade e dimensión Vapnik-Chervonenkis.
Algoritmos de aprendizaxe automático.	Algoritmos de predicción numérica. Algoritmos de clasificación. Algoritmos de agrupamento.

## Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Prácticas de laboratorio	30	42	72
Actividades introdutorias	1	0	1
Exame de preguntas obxectivas	2	0	2
Traballo	0	15	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

## Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición dos contidos teóricos da materia. Dado o carácter práctico dos contidos propostos, a exposición complementarase con exemplos.
